

'DETER O DÍA CUNHA FLOR' E 'O CABO DO MUNDO' RECIBEN O RECOÑECEMENTO DOS CRÍTICOS LITERARIOS ESPAÑOLS

# A crítica premia os versos de Luz Pozo e a prosa de Xabier Quiroga

O poeta Francisco Ferrer Lerín e o novelista Andrés Neuman reciben galardóns en lingua castelá

**CRÓNICA**

OLIVIA RODRIGUEZ  
BARCELONA

cultura@xornaldegalicia.com

Falláronse onte en Barcelona os Premios da Crítica que a Asociación Española de Críticos Literarios (AECL) concede aos que considera os mellores libros de poesía e narrativa editados en 2009, un total de oito títulos nas catro linguas do Estado. A súa difusión a través de todas as cabeceiras españolas consegue ofrecer un panorama de diversidade cultural moito máis acorde coa realidade do país no que vivimos que coa imaxe distorsionada que dela nos transmite a vida política e mediática. Na literatura galega, as candidaturas propostas polos críticos galegos tiveron como portavoz nesta ocasión a X.M. Eyré.

A cidade que viu nacer estes premios en abril de 1956 acolleu os máis de trinta críticos de todas as procedencias, convocados nesta edición por Ángel Basanta, presidente da directiva da AECL desde febreiro deste ano, e membro activo da Sección de Crítica Galega que en 2007 se constituíu en Galicia.

Na cea de benvida que o Concello de Barcelona ofreceu a noite do pasado venres na terraza do Palau del Mar do Museu de Historia de Catalunya estiveron presentes membros históricos da AECL, como Julio Manegat, J. M. Castellet, Joaquim Marco, A. Blanch, J. J. Isern e Basilio Losada. Foi o acto máis emotivo dos organizados pola Asociación Catalá de Crítica Literaria, que actuou como anfitrión, en coordinación coas máis importantes entidades culturais catalás.

En poesía resultou premiado en lingua castelá o libro *Fámulo*, de Francisco Ferrer Lerín, que ofrece unha proposta renovadora dun poeta ligado sen ataduras aos Novísimos. No apartado de lingua catalá, o premiado foi *L'ombra dels dies rojos* de Carles Miralles, que constitúe un clamor pola senrazón das guerras que están a esgazar o

A obra de Pozo é un diálogo artístico entre poesía e os gravados de José Valentín Díaz



O xurado anunciou onte en Barcelona os gañadores do Premio da Crítica Literaria

CAHME ESTEVE



'Deter o día cunha flor', de Luz Pozo



'O cabo do mundo'

noso estado de benestar. En lingua vasca, o xurado decantouse por *Ero-riaren logika (A lóxica da caída)*, de Juanra Madariaga, que se presenta como un diálogo entre o suxeito e o mundo que o rodea.

No apartado de lingua galega, os versos de *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza, recibiron o premio por parte do xurado. Esta obra, editada na Coruña por Baía Edicions, preséntase como un diálogo artístico entre a poesía de Luz Pozo Garza e os gravados de José Valentín Díaz. Un intenso ton de

misticismo sincretista abre o poemario con 'Aleph', en complicidade intertextual cos autores admirados, e péchao do mesmo xeito con 'Carta de Beatrice Via-Láctea'.

O libro envíase como ofrenda ao amado ausente ('Lotus no corazón'), porquen cobra sentido o desenvolvemento do motivo tomado dunha poeta chinesa do século XI que se laíaba de que a beleza dunha flor acabada de nacer non ía poder reter o tempo de amor nun intre de eternidade ('Li Yian pide deter o día').

Quiroga amosa o papel da literatura na loita contra o esquecemento da historia oficial

Por outra banda, o premio de narrativa recaeu no apartado de lingua castelá en *El viajero del siglo*, de Andrés Neuman, unha novela-ensaio sobre a formación da Alemaña no século XIX. En lingua catalá, a premiada foi *Contes rusos*, de Francesc Serés, invención heterónima arredor da literatura rusa, mentres que *Autokarabana*, de Fermín Etxegoien, irónica novela arredor dun individuo abafado na súa propia crise, foi a premiada no apartado de literatura vasca.

En lingua galega, o xurado premiou a *O cabo do Mundo*, de Xabier Quiroga. Editada por Xerais, é unha novela que se adscribe á memoria da Guerra Civil, que en Galicia xa deu valiosos froitos. O protagonista, fillo dun implicado na dura represión sufrida na zona de Lugo, indaga nun misterio familiar cando se ve condenado a morte por un cancro terminal. Acadará a verdade polos testemuños orais dos últimos superviventes. O escritor Xabier Quiroga pon en xogo unha narrativa que mestura realidade e ficción, chamando a atención, unha vez máis sobre o papel da literatura na vangarda da loita contra o esquecemento da historia oficial. ■